

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS

BASES E CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2.º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, CURSO 2024/2025

Unha vez aprobadas as bases e a convocatoria para o outorgamento de bolsas para a compra de libros e material escolar de educación infantil para o curso 2024-2025, publícanse estas e advírtese que o prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense a través da Base de Datos Nacional de Subvencións ata o 30 de xuño de 2024.

Calquera aclaración ou consulta poderá realizarse no Departamento de Servizos Sociais, sito na Praza do Concello, núm. 1, desta vila.

Bases e convocatoria de bolsas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinados a alumnado de 2.º ciclo de educación infantil, curso 2024/2025

Exposición de motivos

A Constitución Española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa banda, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricas de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG)

A normativa de réxime local, no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e o artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA), prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, correspondéndolle como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías etc. Así mesmo, o artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio) establece no artigo 4, que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto para todas as persoas. Así mesmo, o artigo 83 prevé a existencia de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación.

Finalmente, a Lei 13/2008, do 3 decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúelle ás corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desen-



volvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Por todo isto, apróbase a concesión de bolsas complementarias ao estudo para o curso 2023/2024, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as bases de execución do Orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

Bases

1. Obxecto e finalidade

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroadado e escolarizado nalgún dos cursos de segundo ciclo de educación infantil (3, 4, 5 anos) nos centros de ensino do Concello para o curso 2024/2025.

A finalidade das bolsas é contribuir a que a igualdade no dereito de acceso á educación sexa real e efectiva, velar pola equidade no sistema educativo sostido con fondos públicos, e colaborar coas familias que teñen máis dificultades económicas no esforzo económico que comporta o inicio do curso escolar.

As bolsas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva, baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2. Compatibilidades

Non será compatible con calquera outra que se perciban coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas. Non se concederán bolsas para os cursos xa subvencionados pola Administración autonómica e/ou estatal. Non se subvencionarán os cursos gratuítos.

3. Dotación orzamentaria

O crédito destinado ao financiamento destas axudas ascende a 6.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2024-231/48900, do vixente Orzamento do Concello do Barco de Valdeorras.

4. Persoas beneficiarias e requisitos

Poden solicitar as axudas para libros de texto e material escolar os pais, as nais, os titores legais ou as persoas encargadas temporal ou definitivamente da garda das persoas beneficiarias.

Terán a condición de beneficiarios/as das bolsas os/as alumnos/as que cumpran os seguintes requisitos xerais na data da finalización o prazo de presentación de solicitudes:

a) Que o/a alumno ou alumna estea matriculado/a nun centro docente do Concello do Barco no segundo ciclo de educación infantil (3, 4, 5 anos) para o curso 2024-2025.

b) Que tanto os/as alumnos/as como ambos os proxenitores ou representantes legais estean empadroados/as e teñan residencia efectiva no Concello do Barco de Valdeorras, no curso 2024-2025, no momento de formalizar a solicitude así como convivir cos menores de idade no curso no



que se solicita a axuda. (No caso de separación ou divorcio só será o que teña a custodia do menor/es). No suposto da custodia compartida o empadramento no concello dun dos proxenitores. No suposto de non cumprirse este requisito deberá acreditarse situación extraordinaria por razóns de necesidade con informe social emitido polos Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras.

c) Que a renda familiar sexa inferior a 21.000 euros anuais/netos ou superando esa cantidade non exceda a RPC da unidade familiar de 4.630 euros.

d) Declaración de non ter recibidas nin solicitadas outras axudas polo mesmo concepto.

e) Todos os requisitos deben cumprirse desde a data de entrega de solicitude ata o final do procedemento.

Aos beneficiarios destas subvencións non lles serán de aplicación as prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións, dada a condición especial que teñen os beneficiarios pola súa idade e por resultar perceptores dun dereito constitucional de carácter obrigatorio e gratuíto como é o dereito á educación.

5. Consideración de unidade familiar

Para o obxecto desta subvención, considéranse membros computables da unidade familiar as persoas seguintes que convivan no mesmo domicilio, na data que se realiza esta convocatoria:

a) O pai e a nai, o/a titor/a ou a persoa encargada da garda e custodia.

b) Os/as irmáns solteiros/as menores de 25 anos ou os/as maiores de idade cando se trate de persoas con discapacidade.

c) O/a novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación ao pai, nai, titor ou titora, que resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumno/a, salvo en casos de custodia compartida.

d) Os ascendentes dos pais do solicitante da bolsa que convivan no mesmo domicilio. (Avós).

e) No caso de separación, divorcio, cesamento da convivencia ou non convivencia das nais/pais do ou da menor solicitante, terase en conta aquel que ten a custodia e conviva co/a menor, para iso deberá presentar, segundo proceda: a sentenza xudicial e/o convenio regulador ou o documento público de medidas sobre o coidado e educación dos/as fillos/as. Se o procedemento está en trámite, achegarse o certificado acreditativo da devandita circunstancia emitido polo xulgado. Se a custodia é compartida terase en conta a ambos os/as proxenitores/as.

f) De ser o caso que o/a menor estivera en situación de acollemento legal ou administrativo será a aplicación a familia de acollida devanditos criterios.

g) No caso de falecemento duns dos/as proxenitores/as acreditará mediante o libro de familia ou o certificado de defunción.

Non se considera membro da unidade familiar:

a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal o divorcio, excepto no caso de custodia compartida.

b) O agresor nos casos de violencia de xénero.



6. Criterios de valoración económica

A renda da unidade familiar será inferior a 21.000 euros anuais/netos ou superando esa cantidade non exceda a RPC da unidade familiar de 4.630 euros, como se establece nas bases no punto 4. C.

A renda da unidade familiar será a contía resultante da suma os ingresos de todos os membros computables da unidade familiar menos os descontos aplicados por circunstancias alegadas, nos termos que a continuación se explican.

Ingresos – descontos = contía

A. Considéranse ingresos:

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos/as membros computables da familia (segundo o establecido no punto 5) que obteñan ingresos de calquera natureza, tendo estes que presentar a copia ou certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria acreditativa da renda dos/as membros maiores de idade da unidade familiar ano 2022.

1. No caso de presentarse a declaración da renda do ano 2022: sumaranse os recadros 435 (base imponible xeneral) e mais o 460 (base imponible do aforro) da citada declaración. (Ou recadros equivalentes que permitan obter a mesma información, no seu caso), se foi presentada de forma conxunta e se foi individualizada sumaranse os resultados de cada membro.

2. No caso de non presentar declaración da renda do ano 2022, por non estar obrigado a iso, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos facilitados no certificado de imputacións do IRPF 2022 (rendementos+ ganancias patrimoniais – gastos deducibles)

Tamén se terán en conta os ingresos por pensión alimenticia establecidos nos convenios reguladores, agás que houbese falta de pagamento da devandita pensión polo que terán que achegar a denuncia correspondente.

Para o cálculo económico terase en conta os ingresos de todos os membros computables da unidade familiar, nos seguintes termos:

1. Ingresos dos pais/nais do alumno/a ou parella de relación análoga ou do propio alumno/a: 100%,

2. Ingresos que proveñen dos irmáns/ás e o avós/as: 50%

B. Descontos/deducións por situación sociais-familiar.

Practicaranse descontos porcentuais sobre os ingresos da unidade familiar, por estar incurso nunha situación socio-familiar, debidamente acreditada no momento da solicitude.

Concepto do desconto	Desconto
1. Vivir nun piso de alugamento ou pagar hipoteca	10%
2. Atoparse en situación de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros computables	20%
3. Familia monoparental	20%



4. Pertencer a familia numerosa		20%
5. Situación de violencia de xénero		20%
6. Situación laboral actualizada dos proxenitores con respecto ao desemprego de máis de 6 meses	6.1 Un proxenitor ou relación análoga en desemprego e con prestación	10%
	6.2 Un proxenitor ou relación análoga en desempregado e sen prestación	20%
	6.3 Ambos os proxenitores ou relación análoga en desemprego e con prestación.	25%
	6.4 Ambos os proxenitores ou relación análoga en desemprego sen prestación	40%

7. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes formalizáanse segundo os modelos normalizados que se acompañan ás presentes bases e que estarán á disposición das persoas interesadas nas dependencias do Departamento de Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras, así como o taboleiro de edictos da sede electrónica. Estes modelos presentáanse debidamente cubertos e asinados xunto coa documentación que se detalla nas bases dentro do prazo estipulado polos seguintes medios:

- Por medios electrónicos: rexistro telemático a través da Sede Electrónica do Concello do Barco de Valdeorras (<https://sede.concellodobarco.org>)

- Presencialmente: a través do rexistro de entrada do Concello do Barco de Valdeorras, de 9.00 a 14.00 horas, os días hábiles, (situado no edificio multiusos, Praza do Concello, n.º 2, do Barco de Valdeorras).

- Alternativamente tamén se poderá presentar por calquera dos medios establecidos na forma determinada no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á súa publicación, a través da Base de datos Nacional de Subvencións, do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, ata o día 30 de xuño de 2024.

8. Documentación integrante das solicitudes

8.1. Documentación obrigatoria:

1	Impreso de solicitude (anexo I): debidamente cuberto e asinado polo pai, nai ou titor/a ou persoa que teña a custodia do menor, polo cal se solicita a axuda. Se hai varios menores beneficiarios presentárase unha por unidade familiar recollendo aqueles/as menores para os que se solicitan as axudas.
2	Copia DNI/NIE/pasaporte en vigor de todos os membros computables maiores de 14 anos da unidade familiar.
3	Volante de empadramento colectivo.



4	Copia do libro de familia completo ou documentación equivalente no que figure o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. (No caso de familias estranxeiras que non dispoñan de Libro de Familia, deberán achegar a documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar e as súas datas de nacemento: partidas de nacemento).
5	Certificado do centro escolar de estar matriculado/a ou ter realizada a prescrición para o curso 2024-2025 a nome do/a neno/a para o que se solicita a axuda. No devandito certificado farase constar o curso no que se matricula o/a menor.
6	Copia ou certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria de todos os membros maiores da unidade familiar maiores de idade, segundo o caso: * Declaración da Renda do ano 2022, ou * Certificados de imputación de rendas correspondente ao exercicio 2022,
7	No caso de separación, divorcio, cesamento da convivencia ou non convivencia das nais/pais do ou da menor solicitante, achegarase, segundo proceda: a) En caso de separación ou divorcio legal, copia da sentenza de separación ou divorcio e do convenio regulador se o houber, así como xustificante de achegas económicas establecidas na sentenza. b) En caso de separacións de unións de feito con fillos/as recoñecidos/as, copia da Sentenza de Garda, Custodia e Alimentos, así como xustificante de achegas económicas establecidas. En situacións de falta de pagamento, copia da solicitude de execución da sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións. En caso de non presentar a dita documentación, considerarase que se está recibindo a contía das pensións compensatorias ou de alimentos establecidas inicialmente, computando esas cantidades como ingresos efectivos. c) En caso de iniciarse actuacións xudiciais conducentes á obtención de separación, divorcio ou separacións de unións de feito con fillos/as recoñecidos/as achegarase o certificado acreditativo do xulgado. d) No caso de persoas solicitantes procedentes de países onde non se estableza convenio regulador, deberán facer entrega de calquera outro documento que determine permiso ou acordo entre o pai e a nai do menor para que este viñese a España e as condicións nas que se estableceu ese permiso ou acordo. e) En caso de garda e custodia compartida, copia de sentenza e acreditación de ingresos de cada proxenitor custodio
8	En caso de acollemento familiar dos/as menores por resolución administrativa ou auto xudicial, copia do certificado do organismo competente e no seu caso contía da remuneración que se perciba.
9	(Anexo II). No caso de que algúns destes documentos non poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo substituírase por unha declaración xurada explicando tales circunstancias.

O Concello poderá solicitar cantos outros documentos considere oportunos aos/as solicitantes das bolsas.



En casos especiais que así o requiran, xuntarase tamén un informe dos Servizos Sociais, onde se verificarán e valorarán os datos presentados.

O Concello poderá requirir, en calquera momento, os documentos orixinais para comprobar a documentación presentada ou se procede para compulsalos.

8.2. Documentación non obrigatoria: de entrega voluntaria para obter os descontos/deducións de aplicación por estar incurso nalgunha das situacións socio familiares

Estes documentos non son obrigatorios, pero si serán necesarios se se quere que lle sexan practicados os descontos estipulados no punto 6.B. A dita documentación terá que presentarse xunto coa solicitude e a documentación obrigatoria, e ten ser xustificado correctamente senón, non se terá en conta e non practicárase o desconto.

Documentos necesarios para acreditar os descontos:

Situación a acreditar		Documentación acreditativa a entregar
Pago de vivenda	Alugueiro	O contrato do alugueiro mais o último recibo de pago
	Hipoteca	Xustificante/documento bancario onde se verifique claramente o titular e a vivenda pola cal se pagan as cotas da hipoteca.
Discapacidade ou dependencia		*Certificado emitido polo EVO sobre a discapacidade igual ou superior ao 33% ou tarxeta de discapacidade; *Certificado emitido pola Seguridade Social de *Incapacidade permanente en termos de total, absoluta ou gran invalidez *Ou certificado de dependencia.
Familia monoparental (enténdese por isto o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e con fillos/as a cargo).		Para xustificar este termo necesítase xunto co volante de convivencia, sentenza de separación/divorcio ou medidas paterno filiais con custodia única, ou certificado de defunción do outro proxenitor, no caso de que non figure no libro de familia ou libro de familia en solitario, ou certificado de monoparentalidade expedido pola Xunta de Galicia.
Familia numerosa		Copia do título de familia numerosa en vigor.
Situación de Violencia de Xénero		Orde de protección, sentenza, ou certificado CIM
Situación laboral actualizada dos proxenitores con respecto ao desemprego de máis de 6 meses:		Presentaranse este 3 documentos: 1. Certificado do Servizo Público de Emprego no que conste o importe da prestación/subsidio de desemprego dos 6 meses anteriores á data de solicitude. 2. Certificado do Servizo Público de Emprego no que conste o tempo de desemprego. 3. Vida laboral actualizada.



9. Tramitación e resolución

9.1. Emenda de solicitudes

Unha vez finalizado o prazo de presentación a instrución do procedemento de resolución das bolsas correspóndelle ao Departamento de Servizos Sociais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa.

Naqueles casos en que a documentación obrigatoria veña incompleta ou defectuosa notificarase individualmente para que a emende nun prazo de 10 días hábiles que contarán desde o día seguinte ao de recibilo, e indicárselle de non facelo teríase por desistido da solicitude previa a resolución ditada nos termos establecidos no artigo 21 de Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Calquera consulta ou aclaración en relación coas solicitudes ou documentación a presentar, poderá facerse no departamento de Servizos Sociais do Concello do Barco do Valdeorras, situado en praza do Concello, n.º 1, teléfono 988 320 202 (ext. 2168)

9.2. Valoración das solicitudes

O órgano instructor será o Departamento de Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras encargado de instruír e tramitar os expedientes, que realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

A resolución das solicitudes de bolsas que reúnan os requisitos establecidos, efectuarase actuando conforme os seguintes criterios:

1. Actuarán como elementos de ponderación e ordenación os ingresos netos familiares, de menor a maior contía, nos termos recollidos na base 6.
2. Unha vez realizada a valoración de todas as solicitudes presentadas, farase constar que, da información que consta no seu poder despréndese que os/as beneficiarios/as cumpren con todos os requisitos para acceder á subvención e cales non, e serán seleccionadas aquelas que cumpran os requisitos esixidos. As ditas propostas irán relacionadas pola orde de preferencia resultante da selección, de acordo co anteriormente exposto (ingresos de menor a maior contía).
3. As solicitudes que non reúnan os requisitos esixidos serán obxecto de denegación e farase constar o motivo polo cal se lle denega.

9.3. Tramitación

Unha vez revisados os expedientes e completados, constituirase unha comisión de valoración que elaborará un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

A Comisión Técnica de Valoración estará integrada por:

- o seu presidente: o alcalde do Concello do Barco de Valdeorras ou outro/a membro da corporación en quen a dita persoa titular delegue,
- 2 vocais empregados/as do Departamento de Servizos Sociais do Concello,
- e actuando como secretario/a, un/unha funcionario/a.



O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que será fiscalizada e enviada á Alcaldía para a aprobación das axudas como órgano competente para a resolución.

9.4. Importe da achega que se vai conceder. (Limiáres renda familiar e axudas)

Para estes efectos faise constar que o importe total das axudas que concede o Concello do Barco de Valdeorras para esta finalidade non superará os 6.000 €.

A contía máxima destas axudas será de 95 €, 85 € ou 75 € por menor segundo os ingresos da unidade familiar expostos neste punto. En calquera caso, a axuda total concedida non excederá de 300 euros por cada unidade familiar. En ningún caso o importe da axuda outorgada poderá ser superior ao gasto total do custe dos libros de texto e material escolar do centro matriculado.

Rango de ingresos	Contía do bono
Entre 0 € ata 12.000 €/ano	95 €
Entre 12.001 €/ ata 17.000 €/ano	85 €
Entre 17.001 € ata 21.000 €/ano ou Renta Per Cápita (RPC) inferior a 4.630 €/año.	75 €

O importe final da axuda pode variar en función dos créditos dispoñibles, do número de solicitudes etc. No caso de que o importe conxunto das subvencións outorgadas sexa superior ao importe máximo establecido para o conxunto das axudas (6.000 €), reducirase de xeito proporcional a contía destas.

Ao mesmo tempo o importe da subvención non excederá por si soa o 100% do custo total de adquisición de libros e material escolar por menor.

En calquera caso, as axudas concederanse en función dos créditos dispoñibles para este concepto; por isto, non bastará para recibir a axuda solicitada que o/a solicitante reúna os requisitos recollidos nesta convocatoria, senón que ademais será necesario que a súa solicitude poida ser atendida, tendo en conta o número de orde alcanzada no procedemento de selección.

9.5. Notificación e publicidade da resolución de concesión

O órgano instrutor notificaralle a todas as persoas solicitantes a resolución da subvención e expresará, de maneira motivada, se foi desestimada ou estimada a súa solicitude, farase a través da súa publicación no taboleiro de anuncios do Departamento de Servizos Sociais e no taboleiro de edictos dixital na sede electrónica deste concello que se atopa na seguinte páxina da rede da internet: <https://www.sede.concellodobarco.org/>. Á resolución recaída do procedemento daráselle publicidade na BDNS (art 18.2 LXS)

O prazo de resolución e notificación será de 4 meses desde data límite de presentación de solicitudes.



Para os anteriores efectos, no caso de concesión, a resolución expresará o obxecto da subvención outorgada. No caso de desestimación, a resolución indicará o motivo polo cal se denega.

O vencemento do prazo de resolución sen que se notificase a resolución, lexítima as persoas interesadas a entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a ditou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses, que contarán a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

9.6. Forma, pagamento e xustificación da subvención

Unha vez ditada a resolución pola cal se concede a axuda entregarase un bono/vale cambiabile, que será único por cada alumno/a. Desta maneira a persoa beneficiaria acudirá ao Departamento de Servizos Sociais do Concello para a súa retirada no prazo dun mes desde que se resolva o proceso. No caso de non retirar o bono no prazo establecido entenderase que existe renuncia tácita e anularase o bono. Do mesmo xeito, anularanse os vales cando presenten a renuncia expresa.

Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión do bono, poderá adquirir os libros e material escolar nas librerías colaboradoras no devandito procedemento das cales se informase os/as solicitantes/beneficiarios, polo importe máximo que figura no devandito documento. Se o importe dos materiais/libros é inferior ao valor do bono, o persoal do establecemento deberá establecelo na factura correspondente ao interesado que emitirá ao Concello do Barco de Valdeorras onde fará constar o número de bono e o importe realmente gastado, e a persoa beneficiaria perderá a diferenza. Se o importe dos materiais/libros fose superior ao do bono, o persoal do establecemento emitirá a factura polo importe do bono, e aboaralle á persoa beneficiaria a diferenza, e o concello asumirá unicamente a contía establecida no bono.

Estes bonos serán recollidos polas librerías colaboradoras, e os/as beneficiarios/as cederán o dereito a cobranza a favor da librería elixida cubrindo o anexo III na devandita librería.

Estas librerías colaboradoras onde se compren os libros de texto e material escolar deberán presentar no rexistro do Concello antes do día 31 de outubro de 2024 a seguinte documentación:

1. Unha listaxe total de bonos recibidos nese establecemento.
2. Todos os bonos/vales cambiabile recollidos
3. O anexo III (cesión do dereito de cobranza) debidamente cuberto e asinado pola persoa portadora do bono e o establecemento
4. A factura individualizada por cada bono recibido na detallásense: o material entregado, o prezo unitario e o n.º de bono emitido polo Concello.

Os vales non poden ser fraccionados, é dicir, o importe ten que gastarse integramente nun único establecemento.



9.7. Reintegro das subvencións

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como os xuros mora, nos casos recollidos na Lei xeral de subvencións e na Lei de subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedían.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamente a concesión da axuda é dicir ao emprego do importe recibido para finalidades distintas á adquisición de libros de texto e material escolar solicitado polo colexio.

c) Incumprimento das obrigacións impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das axudas, sempre que afecten ou se refiran o obxecto da subvención.

Criterios de gradación dos incumprimentos:

- Incumprimento da obrigación de xustificación: perda do dereito de cobranza do 100%.
- Incumprimento da obrigación de xustificación en prazo: perda do dereito de cobranza do 20%.
- Obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas ou ocultación daquelas que o impedisen: porcentaxe a reintegrar ou perda do dereito de cobranza do 100%.
- Por non aplicala aos fins para os que foi concedida: porcentaxe a reintegrar ou perda do dereito de cobranza do 100%.

10. Publicidade da subvención

